



## **IX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 14, SUB 23 E COMBINADAS**

**5-6 de xuño de 2021- O Barco de Valdeorras**

### **MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19**

#### **1 ACCESO Á INSTALACIÓN**

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal situada en la calle Rio Mariñán, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

- Non se permite o acceso de público.
- Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.
- Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.
- Polas restricións de aforo nas gradas por protocolo da propia instalación, será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa, pendente da limitación da redución de aforo da instalación determinada pola actual situación derivada do COVID-19. Cada equipo poderá acreditar ata un máximo de 3 persoas responsables do equipo.

#### **2 USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS**

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na Secretaría, na Cámara de chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para a zona de salto de altura, na zona do salto con pértega, e para facer uso nos diferentes artefactos e nos tacos de saída das carreiras.

#### **3 VESTIARIOS**

Os vestiarios: estarán pechados o publico e atletas.



Haberá servicios de emerxencia, para homes e mulleres, situados nas inmediacións da saída da instalación. Sendo imprescindible seguir as normas de uso indicadas pola instalación.

#### **4 CÁMARA DE CHAMADAS**

A Cámara de Chamadas accederase polo portón situado na Rúa das Areas .

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar en cámara de chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

Os/as responsables do club recollerán os dorsais de cada equipo.

#### **5 ZONA DE QUECEMENTO**

Os/as atletas disporán para realizar os seus exercicios de quecemento no exterior do Estadio Municipal de Calabagueiros, entre o estadio e o I.E.S Lauro Olmo.

O quecemento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas e facendo un bo uso da máscara.

#### **6 CARREIRAS**

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán depositadas nunha caixa na saída e entregarase unha nova unha vez chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha nova máscara.

#### **7 CONCURSOS**

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na secretaría (situado no local da Delegación baixo a grada), ata una hora antes do comezo da proba.

Todo material que sexa compartido será desinfectado antes do seu uso por outra persoa.



## **8 DIRECTOR PROTOCOLO FGA COVID-19**

A organización estará a disposición do Director de Protocolo COVID-19 nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Director de Protocolo COVID-19 son de obrigado cumprimento para toda as persoas presentes na instalación.

## **9 NORMATIVA**

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – Deporte Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

A entrega de premios, realizarase no podio unicamente aos responsables elixidos por cada equipo, non estando permitida ningún acto multitudinario no estadio. Polo que calquera das posibles fotografías o celebracións deberán sempre respectar o distanciamento de 1,5m en todo momento.

Disposición dos equipos na grada:



Os/as atletas deberán cumprir en todo momento a distancia de seguridade.



**Non está permitido facer ningunha comida na grada por parte de ningún equipo participante tanto de xeito colectivo coma individual.**

## 10. PLANO DA INSTALACIÓN

